

Destinatario:

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

San Caetano s/n, 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

, como Presidente da **Asociación Naturalista “Baixo Miño” (ANABAM)** e en nome da mesma, e con enderezo, a efectos de notificación, no correo electrónico **anabam.anabam@gmail.com** (enderezo postal Calvario, 44-baixo, 36780 A Guarda –Pontevedra-),

Presenta en relación ao estudo de impacto ambiental (EslA) do PARQUE EÓLICO ALBARIÑO I, promovido pola compañía Ceólica Hispánica, S.L., as seguintes

ALEGACIÓNS:

1/ Prazo de exposición de 15 días é unha flagrante vulneración do Convenio internacional de Aarhus polo que se garante o acceso á información ambiental, á participación na toma de decisións e o acceso á xustiza en cuestións ambientais recollida en normativas autonómicas (p. exe. Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos; Diario Oficial de Galicia, 17-07-2006).

2/ O estudo de impacto ambiental (EslA) presentado no reflicte a realidade da Serra da Groba e refírese, na súa meirande parte, a xeneralidades que non poden ser extrapoladas para avaliar o impacto ambiental do presente proxecto.

3/ O EslA refírese á información recollida a partir de bases de datos obsoletas ou cuxa dimensión xeográfica non permite extrapolar os datos ao proxecto obxecto deste EslA. Así mesmo, a metodoloxía seguida para a realización de campañas de campo ao longo do ciclo anual comprendido entre abril de 2020 e marzo de 2021 non reflicte a realidade da fauna e flora da Serra da Groba.

4/ Deste xeito, ao contrario do que se indica (p. 47), o estudo de impacto ambiental non mellora o coñecemento dos valores existentes nin establece medidas para garantir a súa conservación xa que se pon de manifesto unha falla de coñecemento sobre as características físicas, bióticas, sociolóxicas e culturais da zona de actuación.

5/ Dado que non existe un inventario veraz de flora e fauna non é posible determinar o impacto das distintas fases (construción, funcionamento e desmantelamento). Non é, polo tanto, posible definir o impacto en función dos atributos sinalados no punto “9.3.1 Identificación e caracterización de impactos ambientais”.

Por outra banda, observamos na redacción do EslA as carencias que se expoñen a continuación e que son motivo, do mesmo xeito, das presentes alegacións:

6/ No referente aos usos do solo, aqueles sinalados no texto e os indicados na Figura 26 segundo as clases definidas polo Consello Directivo da Infraestrutura de Información Xeográfica de España (CODIIGE) (Fonte: SIOSE 2014) non se corresponden cos usos reais, indicándose, por exemplo, a presenza de bosques de frondosas en áreas ocupadas por plantación de pinos e/ou eucaliptos. A pesar dos supostos traballos de campo realizados, os autores do presente EslA non se refiren en ningún punto a inexactitude desta información e a asumen como fidedigna.

7/ Indícase que a nivel físico a instalación do parque eólico non implica unha afección positiva nin

negativa ao medio físico do entorno (xeoloxía, climatoloxía, hidroloxía). Sen embargo , a nivel físico, o transporte da enerxía producida polos aeroxeneradores ata a Subestación, mediante canalizacións a unha profundidade mínima de 1,20 m, alterará o réxime hídrico da zona. Non se contempla a afección sobre o ecosistema de turbeira que caracteriza á zona nin sobre o réxime hídrico derivado do transporte da enerxía producida polos aeroxeneradores ata á Subestación mediante tendido subterráneo a través de 10.176,81 m de canalizacións a unha profundidade mínima de 1,20 m e ancho variable. Idem para canalización que unirá a torre de medición co aeroxenerador máis próximo.

8/ Durante a fase de obra contéplase o impacto sobre a fenoloxía das aves no período reprodutor pero omítese o impacto sobre as súas migracións ou paso así como a fenoloxía dos anfibios.

9/ A “Producción estimada de emisións” contempla estimación das emisións de efecto invernadoiro nas fases de construción e abandono do proxecto, así como unha estima das que evitará o proxecto durante o seu funcionamento, pero non contempla as emisións de efecto invernadoiro estimadas polo desprazamentos de vehículos durante a fase de explotación.

10/ A nivel biótico propóranse medidas mitigadoras e correctoras para minimizar os impactos e levarase a cabo un plan de vixilancia. Sen embargo , a nivel biótico non se sinalan as medidas concretas mitigadoras e ou correctoras para minimizar os impactos sobre a fauna, en particular:

11/ Non se consideran impactos significativos os ruídos dos aeroxeneradores en marcha, xa que só se valora o efecto do ruído sobre as poboacións humanas e non sobre a fauna que habita na área de implantación.

12/ Indícase que en canto á calidade sonora non hai diferenzas notables entre a situación sen proxecto e co parque eólico. Mais no proxecto calcúlase unha contaminación acústica de 35 a 55 dB na poligonal do parque eólico. As alteracións sonoras demostráronse prexudiciais para a reprodución de especies catalogadas como “Vulnerables” no ANEXO III do Catálogo Galego de Especies Ameazadas (p. exem. *Hyla arborea*) . O efecto desta contaminación non se contempla nin avalía no EsIA.

13/ De acordo á Figura 7 do EsIA a delimitación do parque eólico afecta ás cabeceiras dos principais cursos de auga da contorna, afectando ao Río Cereixo da Briña, Río Tamuxe e Río da Groba entre outros. Neste respecto, non se contempla no presente EsIA un plan ou programa para conseguir a protección integral dos ecosistemas fluviaes afectados, co obxectivo de garantir a conservación sostible da paisaxe e da biodiversidade fluvial recollido na Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.

14/ A pesar de que os autores refiren de forma reiterada á consulta da información existente (referencias citadas, consultas a bases de datos de observacións e observacións propias) o estudo de impacto ambiental presenta numerosas carencias en canto ao inventario de fauna.

15/ A pesar de que os autores do presente EsIA indican que se estudou con detalle a vexetación presente na área de implantación do parque eólico, o catálogo de flora e fauna que se presenta no EsIA baséase en estimas e xuízos non apoiados en datos recollidos en campo. En particular, entre os grupos de fauna para os que a información presentada é deficitaria ou inexistente non aparecen os insectos. En consecuencia, non é posible avaliar os efectos do parque eólico sobre especies como *Zerynthia rumina* presentes na zona afectada e catalogada como “EN PELIGRO DE EXTINCIÓN” no ANEXO I do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

16/ Os autores destacan a cita de *Chalcides bedriagai* que figura como “VULNERABLE” no Catálogo Galego de Especies Ameazadas e subxectivamente conclúen que non é probable a súa presenza na área de implantación do proxecto porque a nivel galego a especie presenta unha distribución moi restrinxida

vinculada a areas costeiras, cousa que é falsa, xa que na Serra da Groba foi localizada a especie en cuestión e está publicada a presenza da especie na área de implantación do proxecto dende o ano 1986.

17/ Non se presenta ningunha acción concreta para minimizar o impacto sobre especies cunha distribución restrinxida na área de implantación do proxecto como *Hyla molleri*, *Pelobates cultripes*, *Rana iberica* ou *Chioglossa lusitanica*, catalogadas como “VULNERABLE” no CGEA e/ou no CEA.

18/ Esta falla de coñecemento e eivas na identificación de especies ameazadas cuestionan o inventario florístico e faunístico realizado e impiden a adopción de medidas mitigadoras e correctoras para minimizar os impactos do proxecto así como a realización dun plan de vixilancia.

19/ Os autores do presente EslA refiren a bases de datos como o GBIF de utilidade para estudos de biodiversidade global pero de escasa utilidade para inventarios de fauna e flora local. Así mesmo, utilizan o Inventario Español de Especies Terrestres, inventario que está totalmente desactualizado. Por último os autores utilizan os Datos do Inventario Español de Especies Terrestres (IET) que proporciona información de utilidade pero non reflicte a realidade da área de implantación do proxecto.

20/ Indícase que as “*campañas de observación e identificación de aves e quirópteros seguirán realizándose ata “que se complete el ciclo anual y/o exista información representativa para la caracterización de la zona”*”. Recoñécese, pois, a carencia de datos completos nas campañas xa realizadas que permitan valorar o impacto sobre a mesma.

21/ No que respecta ao plan de xestión do lobo, indícase que o Parque Eólico localízase nunha área cunha densidade baixa de lobo ibérico, con valores inferiores a 1,27 lobos/km² de acordo ao Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de Xestión do lobo en Galicia (DOG nº 13 do 20 de xaneiro de 2009). Sen embargo, o último rexistro gráfico da especie na Groba remóntase aos anos 70 e no máis recente ao comezo da década dos 80 de acordo a testemuños recollidos por esta asociación, evidenciando as carencias do presente EslA en canto ao impacto do presente proxecto o que compromete a adopción de medidas mitigadoras e correctoras acordes á realidade ambiental na área de implantación.

22/ Os autores utilizan a Base de Datos del Inventario Español de Especies Terrestres (IET) para realizar o inventario de mamíferos presentes na área de actuación sen apoiar dita base de datos con traballos de campo e metodoloxías axeitadas para este grupo de animais.

23/ Non existe ningunha referencia á comunidade de mesocarnívoros presentes na área de implantación do proxecto e, polo tanto, non é posible avaliar o impacto sobre a mesma nin presentar medidas mitigadoras, correctoras e/ou compensatorias.

24/ As carencias nas propias bases de datos consultadas e nos traballos de campo e metodoloxías axeitadas para este grupo de animais leva a valorar o impacto sobre especies como a lontra (*Lutra lutra*) ausentes na zona de actuación.

25/ As carencias nas propias bases de datos consultadas e nos traballos de campo e metodoloxías axeitadas para este grupo de animais leva a non valorar o impacto sobre a comunidade de mesocarnívoros como, por exemplo *Genetta genetta*, *Martes foina*, *Meles meles*, *Vulpes vulpes*, entre outros.

26/ A metodoloxía para avaliar a presenza e o impacto do parque eólico sobre as aves non é veraz en canto non existe referencia algunha a aves rapaces nocturnas polo que non é posible avaliar nin adoiar medidas mitigadoras, correctoras e/ou compensatorias.

27/ A pesar de que o informe sinala que as potenciais especies estivais e nidificantes presentes na zona non difiren de forma significativa das que poden atoparse en hábitats semellantes de Galicia, non se sinala a presenza de píllara rubia (*Charadrius morinellus*) e non se realiza ningún contraste estadístico

que permita definir se as diferenzas son significativa ou non, sendo polo tanto, unha valoración subxectiva dos redactores do presente informe.

28/ Non se contempla o impacto do proxecto sobre especies como voitre leonado (*Gyps fulvus*) que utilizan a área de implantación como zona de paso, estando, por conseguinte, expostas ao impacto por colisión.

29/ Ao avaliar o impacto do parque eólico sobre a Rede Natura 2000 non se contempla o impacto que a implantación tería sobre a proposta de inclusión, por parte da Xunta de Galicia, da Serra da Groba como parte da Rede Natura 2000 en Galicia.

Non se contempla o impacto do parque eólico sobre a poboación de cabalo de monte (*Equus ferus caballus*).

30/ O texto carece de coherencia e homoxeneidade de conceptos referíndose, por exemplo, a “gando salvaxe” ou “animais en liberdade”. A Serra da Groba caracterízase por un réxime gandeiro secular no que os animais están en réxime de semiliberdade. Esta característica da cabana gandeira condiciona en grande medida o impacto que o proxecto eólico terá sobre os aproveitamentos agroforestais do territorio e que non poden valorar de xeito adecuado cando se parte dunha concepción errada do sistema de explotación.

31/ As zonas inundables sobre as que se realiza a valoración do impacto teñen a súa fonte de auga na bacía que recolle a auga. Neste senso contéplanse o impacto e as medidas preventivas sobre a zona inundable pero omítese a bacía e o impacto sobre a mesma.

32/ Durante a fase de construción prevé un incremento de sólidos en suspensión que afectarán aos cursos de auga e cuxo efecto non foi contemplado nin valorado. Dado que o proxecto afecta ás cabeceiras de varios ríos, é preciso contemplar esta mobilización para a adopción das medidas mitigadoras correspondentes. Sen embargo o equipo redactor considera estes efectos como COMPATIBLES, o que confronta a evidencia científica dispoñible sobre os principais factores de ameaza para os cursos de auga, entre os que se sinalan a erosión e o aumento de sólidos en suspensión.

33/ EsIA refírese a existencia de diferenzas significativas ou a non existencia de diferenzas significativas de xeito arbitrario, sen ter feito unha análise estatística que permita referirse á significancia destas accións, polo que a valoración dos impactos de ambas alternativas realízase de xeito subxectivo atendendo a percepcións persoais do equipo redactor.

34/ Con respecto á presenza de Hábitats Prioritarios, os autores do informe incorren en contradicións como que estes están afectados polo uso reiterado do lume cando en apartados anteriores indícase que ningunha das infraestruturas do parque eólico localízanse dentro de ningunha parroquia das incluídas no listado das parroquias de alta actividade incendiaria

35/ En canto ás afeccións sobre a fauna durante a fase de explotación non se contempla o paso frecuente de vehículos para o mantemento do parque e os atropelos como factor afectando ás poboación de anfibios. Impacto que debería de considerarse e valorarse axeitadamente dada a importante comunidade de anfibios da área de implantación. Para valorar adecuadamente este impacto sería preciso identificar as zonas de reprodución así como as rutas migratorias habilitando pasos de fauna que permitiran minimizar o impacto deste factor.

36/ Non se contempla o impacto directo do desbroce que en zonas de grande diversidade de anfibios e réptiles provoca elevadas mortalidades polo uso de maquinaria.

37/ Contemplase un impacto MODERADO pola drenaxe dalgunhas zonas encharcadas sen propor

medidas que mitiguen este impacto. É precisa a identificación destas zonas pois a reprodución de especies como *Pelobates cultripes* está moi localizada podendo a drenaxe afectar negativamente ao conxunto da poboación.

38/ Existe una valoración deficiente sobre o impacto da fase de funcionamento sobre as aves, especialmente sobre aquelas que utilizan o hábitat durante a fase de migración e cuxo impacto non foi valorado dadas as deficiencias no inventario aportado no presente EsIA.

39/ En canto aos efectos acumulativos (aditivos o sinérxicos) con parques eólicos próximos, o parque eólico en tramitación Serra do Galiñeiro no ámbito de 10 a 15 km, afectará, xunto co Albariño I, unha das poucas poboacións coñecidas en Galicia do anostráceo *Tanymatix stagnalis*.

40/ Para manter a calidade do solo propónse a realización de hidrosementeiras e plantacións, sen indicar que tipo de especies serán utilizadas para este fin.

41/ Para a protección da fauna só se contempla a instalación de pasos canadenses e rampas de saída para anfibios e micromamíferos. En ningún punto sinaláanse medidas para minimizar o impacto sobre outros grupos de fauna.

42/ Os autores do informe refírense á escaseza de zonas encharcadas como un dos maiores condicionantes sobre o éxito reprodutivo dos anfibios para xustificar a naturalización das balsas de decantación, feito que non se corresponde coa realidade da Serra da Groba caracterizada pola presenza de amplas zonas asolagadas naturais de grande importancia para a reprodución dos anfibios.

43/ Recoñécese o impacto do parque eólico sobre as comunidades de aves e quirópteros pero non se presenta ningunha medida mitigadora nin compensatoria para reducir dito impacto. Existen na actualidade estudos científicos que refiren a estímulos auditivos e/ou visuais encamiñados a reducir a mortalidade sobre estes dous grupos e que non se nomean nin valoran no presente EsIA.

44/ En definitiva, o presente EsIA amosa un grande descoñecemento do hábitat, presenta un estudo da fauna deficitario apoiado en fontes desactualizadas e cuxa escala non permite extraer conclusións, e non propón medidas mitigadoras axeitadas, sendo as medidas compensatorias no caso dos anfibios innecesarias e non acordes coa realidade hidromorfolóxica da área de implementación.

Polo anteriormente exposto

SOLICITAMOS

En consecuencia, a **Declaración NEGATIVA do Impacto Ambiental así como a DENEGACIÓN da correspondente autorización administrativa do Parque Eólico Albariño I.**

A Guarda, a 17 de novembro de 2021